



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

### DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA DE PLENO ORDINARIO PARA O 26 DE XANEIRO DE 2017

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

#### RESOLVO:

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria do **PLENO da Corporación** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **26 de xaneiro de 2017 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

#### PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 24 de novembro de 2016.
- 2.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 20 de decembro de 2016.
- 3.- Aprobación da Ordenanza reguladora de creación, modificación e supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Padrón.
- 4.- Moción presentada polo partido político da CIPa sobre a sinalización vertical en todo o termo municipal.
- 5.- Moción presentada polo partido político da CIPa sobre a ampliación do cemiterio do Santiaguíño do Monte.
- 6.- Moción presentada polo partido político da CIPa sobre as chamadas telefónicas ás oficinas municipais.
- 7.- Moción presentada polo partido político de VECIÑOS sobre o pregón das Festas de Pascua.
- 8.- Moción presentada polo partido político da CIPa sobre o Inventario de Bens do Concello de Padrón.
- 9.- Moción presentada polo partido político do BNG relativa á imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos.
- 10.- Moción presentada polos grupos políticos do PGD, PSdeG-PSOE, VECIÑOS e AxP sobre a humanización da zona situada detrás do campo de fútbol.
- 11.- Moción presentada polo partido político do BNG contra a exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto Lei 16/2012, petición da súa derogación e restitución do acceso universal ao sistema sanitario.
- 12.- Moción presentada polo grupo político do PSdeG-PSOE relativa ao incumprimento de acordos plenarios.

#### PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

- 13.- Dación de conta das resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola intervención municipal. Reparos 15-17/2016.
- 14.- Dación de conta das Resolucións do Alcalde da número 682/2016 á número 790/2016 e da número 1/2017 á número 83/2017.
- 15.- Mocións de urxencia.

## 16.- Rogos e preguntas.

**Segundo.** Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)